

AFORISMO LIMITADO

*De pensamiento
e sentido común*

Jorge Emilio Bóveda

AFORISMO LIMITADO

De pensamento e sentido común

© 2011 Jorge Emilio Bóveda

Deseño de cuberta: Vault (realizada con software libre)

Dep. Legal: AB-XXX-2011

liberlibro.com ISBN:

A XEITO DE OVERTURA

*Din os que saben, que o aforismo (de *aphorizein*, definir, separar) é unha escritura breve mediante a cal se pode emitir unha idea fulminante; unha idea poética ou literaria ou pertencente a amplos ámbitos das artes, as ciencias e o pensar. Un camiño para que os escritores brillen coa súa capacidade de pensamento, ou simplemente para purgar dun xeito mais ou menos artístico seus foros interiores.*

Orixinalmente a palabra que ocupa parte do título deste libro referíase ás regras que o médico grego Hipócrates tiña escritas para axudarse a diagnosticar as enfermidades, establecendo súa ética logo de fundar o sistema médico. Aforismos eran, por exemplo, frases súas como “O outono é mala estación para os tísicos”.

Sen dúbida un dos máis coñecidos usuarios deste vehículo de expresión foi Nietzsche, quen particularmente os chamaba sentenzas ou dardos; feito que nos dá a entender que a palabra aforismo non ten exclusividade para

definir estas unidades de pensamento; e que os aforismos poden ser outro tipo de “cousas”, coma foguetes para Baudelaire, greguerías para Ramón Gómez de la Serne ou aerolitos para Carlos Edmundo Ory. Ou sentenzas, apotegmas, proverbios, refráns, adagios, máximas, axiomas...

Pero antes de que pensen até onde chega miña ousadía ao atribuír a estas frases que seguen o apelativo, direilles que os chamei así, porque descoñecía outro xeito de chamalas, porque pensei que ían mais alá do popularmente considerado e que invitaban a pensar. Ademais penso que non son atrevido se digo que se “O outono é mala estación para os tísicos” foi considerado un aforismo, non debo de darlle máis voltas á correcta atribución nominal das frases propias. Coa salvidade dalgunhas delas, que poderían caber mellor na caixa dos axiomas; que como sabe o lector son verdades obvias, a diferenza do aforismo en si que é unha frase que se di como resultado dunha experiencia.

O que si que non atoparán neste libro son apotegmas, pois caracterízanse estes por ser emitidos por algún personaxe ilustre, que

non é o caso. Nin sentenzas, pois soen ter doutrina ou moralidade, e nada máis afastado da miña intención. Nin proverbios ou refráns ou adaxios, pois son de orixe popular e un servidor ten nome e apelidos e é bastante novo para a transcendencia. Nin máximas, xa que expresan principios morais xeralmente admitidos, e poida que unha maioría non estea de acordo con todo (ou nada) o que expoño. Polo tanto estou conforme con dicir que ten nas mans un libro que contén un conxunto de aforismos e axiomas baixo unha categoría global aforística¹. Inda que ha de poñer algo da súa parte á hora de afrontar a lectura

E agora por que aforismo limitado? Pois aparte da intención de facer xogo de palabras con eses carteis dos locais que informan sobre o aforo, tamén é limitado por un xeito de dicir que o numero de aforismos do meu foro ten un límite concreto e reducido, e probablemente todos viran en torno ás mesmas ideas e algúns deles non son descubrimentos orixinais, pois a carreira da

1 Tamén, lector atento, atoparás un relato breve.

humanidade xa me levaba unha vantaxe importante.

Tamén son limitados estes aforismos porque pode que ás veces non cheguen á categoría de aforismo e se queden na de “frases del maestro ciruela” (que non sabía ler e puxo “escuela”), ou polas limitacións intelectuais que eu teño a diferenza da forma de rexer das grandes mentes que deixaron para a posteridade tantos aforismos e tan bos (quizais dos de verdade).

Cómpre dicir tamén que están clasificados por temas para dotalos dunha maior coherencia e porque xurdiron en contextos relacionados con eses epígrafes que os gardan. Pero o feito de telos encofrados en tales epígrafes non é unha negativa para o posible carácter transversal de algún deles. Os temas non son deliberados e teñen bastante que ver co meu ser e meu vivir. Agardo saiban disociar a parte egocéntrica (se é que algún quebro ao egocentrismo topasen).

O autor

INDICE

DE LITERATURA	9
DO SOCIAL.....	21
DA VIDA	31
DA RELIXIÓN	35
DO HOME	39
MEDIOSOFÍA	43
DAS PARACIENCIAS	47
DA (MIÑA) METAFÍSICA	51
DA PSICOLOXÍA.....	55
DE MIN PROPIO (desculpando o ego)	61
DA EDUCACIÓN.....	67
DO POLÍTICO	73
DA CINEMA.....	77
DO ONÍRICO	79

DE LITERATURA

- *Sigo na miña viaxe literaria sen saber sequera se é literaria. E se é unha viaxe.*
- *Escribo para vivir ou vivo para escribir?*
- *A conxunción social propende á literatura. Pero dun xeito diferente ao que se pensa; pois propende a ser reflectida nas obras literarias.*
- *A Sanoman poño por testemuña que nunca serei editor de certos libros.²*
- *Conveño con José Luis Sampedro en que un bo escritor debería ser tamén boa persoa.*
- *Sampedro e mais eu fuximos das fórmulas bestsellerianas en pro dos reflexos dos nosos sentimentos nos libros. E levamos un caderno!*

2 *Sanoman é unha deidade da miña invención.*

- *Pastor Páez³ son eu, e vostede, e vostede, e vostede que rexeita meus libros.*
- *Macbeth combate incluso cando xa comprendeu a inutilidade do combate. Como Pastor Páez.*
- *Contaba eu a unha persoa moi achegada a profundidade metafísica da miña nova creación literaria, cando, de socato, inzou seu corpo marabillosamente preñado e se foi sentar á cunca do váter. Que terá que ver? Símbolos?*
- *Non teño paciencia para ler a Clark Ashton Smith. Por que será?*
- *Fun ver a dous escritores a unha digresión conferenciante sobre a bonitura da literatura, e non puideron por menos de preguntarlles se en canto á creación en literatura, con independencia dos facedores de*

3 *Personaxe principal das novelas do autor Proyecto Allende, Efecto Sufijo e El tercer motivo.*

música, está todo dito ou aínda resta algo por dicir. E notei unha desconexión brutal entre aqueles ínclitos e meu foro interior o que me levou a pensar dúas opcións: ou me expliquei mal ou non debo molestar aos xenios.

- *Case todos os artistas vivos somos John Balan⁴.*
- *Son un escritor das ideas. Tento facer literatura das ideas. Agora teño pendente atopar a estética. Probablemente o único que teña en común con Risco. E non me interesa abondo.*
- *Na novela introspectiva tamén hai tópicos.*
- *Transcenderás como escritor. Pero en círculos pechados. Non agardes unha transcendencia popular. Iso é para Superman, o home araña ou*

⁴ *Artista que reproducía bandas sonoras, sobre todo de western, cunha porta tras del.*

algún dos teus personaxes se é quen de empatizar coa humanidade media.

- *Pero como haberá escritores ou escribidores que din que len pouco e que escriben moito? Que escribirán?? Estarán, quizais, dotados dun don do que carecemos os que lemos moito e escribimos menos???*
- *Un escritor que non le é algo así como un carpinteiro manco.*
- *Os relatos do meu libro “Vuesencia” están pouco feitos.*
- *Dato sensacionalista impreciso: teño bastantes libros na casa.*
- *Con independencia do coñecemento de que os xenes pouco aportan, síntome oufano de escribir que son bisneto do irmán maior de Blanco Amor. Que Alexandre Bóveda era primo do meu avó Tomás Bóveda,*

excelente pintor. E que Xavier Bóveda tamén era primo de Blanco Amor. Hoxe están todos mortos e eu teño trinta e tres xiros de translación terrestre. Camiño da morte tamén. Síntome oufano, pero contradígame un chisco porque non os coñecín.

- *Conveño co meu parente Xavier Bóveda en que o sentimento metafísico da escrita é unha das cousas universais.*
- *Eu, como Xavier Bóveda, tamén puxen un pé en Poe, para sustentarme nel e non para soterralo mellor do que está.*
- *Como Xavier Bóveda, tamén sinto a necesidade de aprender filosofía e “ensaiar” con ela.*
- *Miñas influencias como escritor a finais do 2009: A Poe, Lovecraft e a casa Arkham xa os perdin (menos mal) en favor doutras influencias*

reais como José Saramago, Juan Goytisolo, Sandor Marai, Javier Marías, Eduardo Mendoza, Xosé Carlos Caneiro, Pessoa... e máis indirectamente: Borges, Lobo Antunes, Milan Kundera, Kennedy Toole, Imre Kertesz, Paul Valery, Ortega, Larra, Wittgenstein... Hoxe pode que operen en min outras influencias, que inda non son quen de recoñecer.

- *Hai persoas que non entenden/conciben que algúns precisemos escribir.*
- *Hai persoas que poñen no mesmo caldeiro lavar o coche e escribir un libro.*
- *Nalgúns escritores a personalidade é literariamente óptima pero psicoloxicamente mellorable.*
- *Agardo non cometer os erros*

*delirantes de Armando Buscarini*⁵.

- *O catro de febreiro do ano dous mil nove, veu ao meu pisiño unha periodista da axencia EFE a coller datos para facer unha recensión sobre meus debuxos (mal)animados para o proxecto Titania do Centro de Transfusión de Galicia. Deixei ben claro que, ante todo, son escritor. Escritor por vocación, mestre por oficio e fondo senso da responsabilidade e debuxador só por afección. E redactou a nova ao seu xeito, sen conseguir verme reflectido...*
- *Non quero ser un escritor de “alcurnia”.*
- *Ler novelas é descubrir a realidade a través de mundos paralelos (e dependendo da calidade das novelas “para lelos”, valga a broma manida).*

5 *Personaxe da bohemia madrileña que seica coexistiu con Valle Inclán.*

- *Penso que hai que disociar a escrita literaria da escrita cinematográfica. O que non sinta a LITERATURA terao máis difícil para comprender esta idea.*
- *A literatura non nos ha salvar de nada. Mais, ao contrario, nosa aciaga existencia, nosa non salvación, propende á literatura.*
- *Entrar na literatura consiste en subir unha escaleira que se vai subindo a si mesma.*
- *Arriba o literato consigo mesmo!*
- *Alexandre Osorio é un obcecado. E iso non é bo.⁶*
- *O verdadeiramente bo literariamente non ten por que empatizar coa masa.*

⁶ *Alexandre Osorio é o personaxe principal de miña novela A disciplina de Osorio.*

- *Hai algúns escritores que se gaban de vender moito até desbancar os máximos monstros do “bestseller” nalgunha ocasión. E que? Pensan vostedes que iso é vivir a literatura?*
- *Se a literatura fose Erasmo de Rotterdam, eu non quero ser Johann Reuchlin.*
- *Clasificación paeciana (Pastor Páez) das persoas: talibans, tolos, carasduras, nugalláns. E en segunda división: sensatos, coherentes, traballadores e puntuais.*
- *Seica fago realismo máximo galego.*
- *A literatura é para quen a traballa.*
- *Non quero ser nin Julio Verne nin Ken Follet nin ningún deses artesans do texto evasivo. Quero escribir o que sinto e buscar miña propia voz.*

- *Resulta que sempre fun escritor, pero non o souben até cumprir os trinta e catro xiros de translación da terra.*
- *Entre outras moitas clasificacións hai escritores que escriben para os lectores e os hai que o fan para si propios.*
- *A literatura é un mundo illado que forma parte do mundo.*
- *Compráceme ter un ideario semellante ao do vello José Luís Sampedro.*
- *O que non le absolutamente nada, vive de intuicións; vive de “orella”.*
- *Hai moitos/as que non saben nin remotamente o espírito co que escribo.*
- *O feito de escribir é o mellor dos premios.*

- *Xulgarán túa escrita descoñecendo túas intencións.*
- *Unha cuestión de méritos: no ensaio o mérito é da bibliografía e da paciencia do autor. En troques na creación literaria o mérito é do autor e da súa paciencia.*
- *Co permiso de Monterroso. Microrrelato: Leandro viaxou no tempo cara o futuro, e xa era tarde.*

DO SOCIAL

- *A transparencia do cristal corta máis ca calquera dos seus gumes.*
- *Por que choras ante o monstro que creaches ti mesmo?*
- *O lamentable da maioría das familias que seguen determinado patrón de conduta é que pensan que é o único posible.*
- *Comamos todos do delicioso pastel que non nos gusta!!!*
- *Estou case convencido de que non convén recoñecer un erro nun contexto de confianza. Pois pode ser o paso previo a un sometemento. Ou non?*
- *Sempre se sobreentende todo. Por iso hai sempre tantos malentendidos.*
- *Tratámonos os uns aos outros mediante particulares taxonomías ou escalas. Pero é lamentable saber*

que non somos cribados todos de igual xeito: O gran cretino será tratado nun grao 3 da escala de tolerancia e eu, seguramente, nun grao 1.

- *Aturar é a arte de dicirvos que si.*
- *O feito de que un suxeito descoñeza o termo demagogia non xustifica súa incursión nela.*
- *Por que hai mentes que incorren milleiros de veces no fundamentalismo familiar? Que temos que facer para facerlle comprender que o feito de que sexa vostede meu irmán non implica que sexa vostede meu amigo?*
- *O que describe a realidade está dentro dela. Aínda que ás veces (profusas) o ignore.*
- *Chegamos a unha época (2011) na que se pode chegar a enaltecer ao*

*Carracuca*⁷.

- *En moitas convivencias, ao tornarse pracenteiras, xorde a invención do drama.*
- *A “ética” do “canto máis mellor” funciona ao mesmo nivel nunha familia xitana que nunha familia do máis acomodado. Cheira. E o acomodado nunca terá escrúpulos en criticar ao xitano, e viceversa.*
- *A fai o mesmo traballo que B e sen embargo cobra menos. A quere cobrar tanto coma B. A B, repentinamente, báixanlle o soldo. Aponse a asubiar.*
- *O compromiso non é máis ca un traxe. Un traxe frouxo.*
- *A cantidade non garante nada, absolutamente nada.*

⁷ *O máis burro, dos burros, de todos os burros. Pero un burro especial que nunca vai comer toxos.*

- *Doe, e como, descubrir tras moito tempo que ise amigo non é tal. Pois só pon obxeccións aos teus cambios de vida. Pensei que eramos amigos.*
- *Por motivo de avaría fun a un retrete de mulleres, e topeime embebedado en estraña sensación ao percibir que flotaba no aire unha mestura de excrementos humanos e chanel nº5. Suxerinte. Que suxerinte!*
- *Fun acompañado mercar roupa a unha tenda ominosa de autoservicio de roupa coa música moi alta. Os empregados traballaban a esgalla con face de circunstancias. Obviamente a contra gusto. Algo así como se comeramos bazofia escoitando a Tchaikovski.*
- *Razoas como os anxos, pero socialízaste mal. As túas inseguridades illarante cada vez máis e máis e máis.*

- *Nalgunhas familias ao que discrepa fusilano. Non sen antes tratalo de converter.*
 - *Agardamos moito dos demais, e logo actuamos como nos praxe.*
 - *Paradoxos.*
 - *Galas de presentación de cousas: burócratas, ínclitos e prebostes.*
 - *O traballador cretino di: “Xa boto eu a pelota ao teu tellado e che permito que te sintas oufano, orgulloso de ti mesmo, e apto e disposto para pasar aos anais da historia desta nosa grande institución”.*
- O aludido responde: “En agradecemento a ter feito teu traballo en sucesivas ocasións, permíteme que che ofrezca unha ardorosa masaxe de enxivas co meu puño pechado”...*
- *Litixios, parvadas, recursos de alzada... NADA.*

- *Hai persoas que nos tratan como se a nosa xuventude fose un defecto ou unha condena. Sen saber que é condena que se cumpre dun día para o outro.*
- *Penso que as dúas únicas “clases sociais” posibles son:*
 - a) *Os que cultivan o intelecto.*
 - b) *Os que non cultivan o intelecto.*
- *Teño a estraña sensación de que os oriúndos dalgunhas zonas turísticas costeiras da Galicia desprezan aos veraneantes como Pedro Luis de Gálvez desprezaba aos que tiñan mellor posición económica que el.⁸*
- *Reproches, reproches, reproches. Un ven de gañar o premio Nobel e lle reprochan que non lavara os dentes.*
- *Que clase de fillos criarán os que*

8 *Pedro Luis de Gálvez foi outro personaxe do submundo da bohemia madrileña de comezos do século XX.*

gañan a vida con mentira e engano??

- *Estatística sumarísima é facer do colectivo humano socializado unha enorme bóla de expresión pexorativa.*
- *Faslles todo o ben que podes, demostrando túa competencia para o traballo e te deostan porque es despistado. Todo polas costas, claro.*
- *Estamos tan subxugados que pensamos que o mundo é unha prolongación das nosas propias casas.*
- *Suspicias, credulidade, superstición, crenza absurda, xirigatos, inseguridade, conspiracións, esaxeracións, mala fe, ignorancia para interpretar feitos, rumores, magnificación, propagación de medias verdades... Sociedade do século XVI? Non. Sociedade do século XXI!*

- *Avogo por conciliar a vida laboral coa familiar pero tamén coa intelectual.*
- *Cando ti non falas o “todo se sabe” transfórmase en “case todo se sabe”.*
- *As corridas de touros caerán polo seu propio peso co avance da sociedade do estado español ao longo das décadas. Non é algo de abolir dun día para o seguinte.*
- *Por que haberá persoas que leven tan mal túa independencia e autonomía?*
- *Cada vez son mais difíciles de aturar as intelixencias fracasadas (mais fracasadas cá miña).*
- *Todo o envexan, e tratan de dinamitar túa vida porque a súa é de esterco e non saben o xeito de cambiala.*

- *Individualismo. Non temos remedio.*
- *Tiven a televisión toda a tarde acesa nunha canle de fala inglesa. E ninguén se decatou.*

DA VIDA

- *A vida é un compendio de incidencias dentro doutra grande incidencia.*
- *A noite ten un límite. Que é o día.*
- *É aventurado, pero penso que a idade é so un estado mental. O malo é que o estado mental dos mais novos lévaos a unha pura ignorancia dada a ausencia de doenzas e enfermidades.*
- *A vellez ten dúas valencias: é xusta pero, ao mesmo tempo, é inxusta.*
- *Vida: sopro relativo en inmensidade monstruosa.*
- *A vida ás veces semella unha ETT: Unha empresa de traballo temporal? Iso tamén, pero neste caso o acrónimo vai por Empresa onde che Tratan de Tonto (consíntaseme este último castelanismo).*

- *Non agarden nada. Excepto a fin.*
- *Hai cincocentos millóns de anos (ano arriba ano abaixo) a Galicia que pisamos estaba afundida baixo as augas e abundaban os trilobites. Onte, nove de maio do suposto ano dous mil nove, miña filla Sara Bóveda fixo un ano. E o tres de maio do ano dous mil once, meu neno, Xurxo, fixo catro meses.*
- *Morrer é darse un baño espido na lagoa Estixia mentres che rouban a roupa.*
- *Calquera tempo pasado foi peor.*
- *O que deveza por vivir nunha época histórica pasada pode ser un romántico cun motivo concreto, pero tamén é un ignorante. Ignorante.*
- *Os días caen coma moscas.*

- *As semanas caen coma moscas.*
- *Os anos caen coma moscas.*

DE RELIXIÓN

- *Miña relixión é a Disciplina do gran Sanoman. Agora hei de inventar os parámetros que a rexen. Como no seu día outros fixeron con outras relixións.*
- *Segundo Habermas miña disciplina de Sanoman sería novo paganismo.*
- *A “misiña” de miña avoa será comparable ao meu “progresismiño” cando sexa vello.*
- *A relixión e o dogma manteñen a sociedade baixo control, pero tamén é un dos principais atrancos á consecución do senso crítico.*
- *A palabra ortodoxia nin para os cans do dogma.*
- *Ás veces síntome ateo, pero sen concibir o ateísmo como o pueril tratado de ateoloxía de Onfray.*
- *Savater convén comigo que Michael Onfray e o seu “tratado de*

ateoloxía” é un libro de dogmatismo inverso e inmadurez.

- *A eucaristía é unha inacción. As cerimoniais relixiosas son inaccións.*
- *A pornografía virtual; o cibersexo, é unha relixión do século XXI, no senso do novo opio para o pobo.*

DO HOME

- *Estraño semella que un ser que se alimente intelectualmente de sensacionalismo poida vivir e deixar vivir.*
- *Non se apure polas súas limitacións. Onde non chegue súa intelixencia chegarán os seus xuízos.*
- *Home **caca**: acrónimo que quere dicir home carente de carisma (con ínfulas de o ter).*
- *O corazón pequeno; e a voz moi grande.*
- *Hai homes que falan con tal convicción, que semella que teñen razón.*
- *Hai homes da cultura que so son burócratas displicentes.*
- *Non son de recibo algunhas persoas que se tratan a si propias de vostede.*

- *Se a alma existe, a túa é moi pequena. Pero que alma tan pequena tes, mi madriña.*
- *As persoas que amosan envexa non teñen recursos para antepoñer ao que non teñen ás cousas que importan de verdade.*
- *O corazón minúsculo... e a boca enorme.*
- *Pusilánimes de fronte... e lamias horrendas polas costas.*
- *Sempre fomos do mesmo xeito: humanos moi humanos. Xa o di a teoría do “inconsciente colectivo”, segundo a cal levamos milleiros de anos sendo un “colectivo inconsciente”.*
- *Cando dis que “non soportas” a un semellante estáste superpoñendo a el.*

- *Dubidar... de todo o que non entendes.*
- *Hainos que nin somos machos alfa nunha manda de dous.*
- *O diálogo fai ben pouco.*
- *Por moito que nos formemos sempre seremos seres intuitivos.*
- *Reflexionou...*
as pernas, e á segunda fixo de ventre.

MEDIOSOFÍA

- *Non é que non haxa ren que dicir, é que non hai ninguén para dicilo.*
- *Consigna case válida: relax sen lasitude.*
- *A túa virtude non aprecia nin apoia a nosa virtude.*
- *Cómpre unha ética. Preferiría vivir no oriente próximo que na época anterior aos sofistas e na idade media.*
- *Maldita equidade, que nos ten trastornados.*
- *O home é quen de imitar o chíó dos paxaros. Ou acaso os paxaros imitan os chíos que é capaz de emular o home? Non sexan dogmáticos, non.*
- *Movémonos entre a casualidade e as consecuencias lóxicas.*
- *Intelixencia fracasada. Pero*

estupidez exitosa.

- *Hai silencios que escarvan o interior coma culleres de expender xeados.*
- *A obxectividade pérdese nos fraguedos das circunstancias persoais.*
- *Versión para racionalistasempiristaspsitivistas da sentenza de Wittgenstein “non me importa que non se me valore porque non saben o espírito co que escribo”: non me importa que non se me valore porque non saben o pulo, sacrificio, necesidade, forza de vontade e ánimo co que escribo.*
- *O autodidacta é unha “porteira” do coñecemento.*
- *Somos os camiños que non somos quen de transitar.*
- *A gratitude é unha pedra preciosa que queima moito ao tacto. Por iso*

poucos son quen de collela para regalala.

- *Encoméndate a Santo “Antónimo”!!!!*
- *Tendemos a confundir maldade con contradogma.*
- *O rancor é unha serpe que morde en si propia.*
- *Non existe o mal intrínseco.*
- *Utilitarismo é fiel inimigo da moda.*
- *O grande idiota está canso da idiocia.*
- *Empatía é a cuestión.*

DAS PARACIENCIAS

- *O estado de vixilia lévase fatal cos fenómenos paranormais.*
- *O 19 de decembro do 2008 cheguei á casa cunha forte dor de cabeza que me producía mareos. Tomei dous dolalgial e un eferalgan, senteime a repousar no sofá do estudio coa luz apagada e, repentinamente, a luz volveu acender soa. Xa é a segunda vez na casa e con lámpadas distintas. A primeira foi hai cousa dun mes, que me despertou un pesadelo no que estaba cos meus pais na vella casa dos avós de Piñeiro conxurando espíritos e fotografándoos. De socato apareceu algo así coma un súcubo horrible e despertei sobresaltado. E cando tentaba conciliar novamente o sono a luz da escaleira que conduce ao dormitorio acendeuse soa. Miña muller é testemuña do feito. Supoño que o piso sofre un problema eléctrico e que non sexa nada que*

non se poida explicar.

- *O esoterismo é necesario nunha sociedade de crédulos. O que non fai ningunha falta é que haxa xente que se lucre falando de esoterismo.*
- *A teoría de que a alma opera dentro dun corpo non se leva moi ben coas intoxicacións etílicas e outros estados alterados de conciencia. Por que dándolle viño ao corpo se embebeda a alma? Algo non calla.*
- *O “enigma” da memoria celular⁹ xa o ti eu pensado tempo hai.*
- *Non é un fenómeno dejavú, simplemente é rutina.*
- *No 1996 descubriuse o xen implicado na angustia. Algo que cada día nos aclara máis a estreita relación entre o corpo e a mente. Psiquiátricamente hai pímulas super*

⁹ *Transmisión de recordos dun descendente a outro descendente pola vía da xenética.*

especializadas para cada problema mental: angustia, depresión, stres... como pode logo sobrevivir unha conciencia tras a morte do corpo???? o que cada vez me convence mais de que os asuntos paranormais transmigratorios esotéricos poden ser parvadas. Imaxinemos, senón, unha alma liberada do corpo sen un cerebro ou “hardware” que o sustente. Ai meu deus! Que caio polas simas do nihilismo abaixo!

- O día que se coñeza con certeza a existencia de vida despois da morte, acabará o mundo coñecido.*
- As teorías e hipóteses sobre a pervivencia da conciencia trala morte lévanse mal coa adquisición progresiva da personalidade. Por que, logo non se adquire a personalidade dun so golpe?*

DA (MIÑA) METAFÍSICA

- *Hei de seguir a buscar un camiño sen rexeitar ren. Pois, como escribiu Pessoa, negar é un erro metafísico.*
- *Unha das posibilidades máis sedutoras da teoría dos universos paralelos, concretamente á que fai alusión aos camiños ramificados, é que podemos estar xacendo alternativamente con todas as parellas que tivemos¹⁰.*
- *Son un agnóstico cretino. Dígome agnóstico pero só cun pé, pois o resto do meu corpo ocupa o ateísmo.*
- *Hoxe (09-06-2010) fago trinta e cinco anos. Tantos xiros de translación do planeta terra.*
- *O día 10-VIII-2009 sufrín por vez primeira un dejavú coa miña sobriña comendo un anaco de empanada.*

¹⁰ *Ditosa son coa miña parella e meus fillos neste universo.*

- *As impresoras fotográficas domésticas son metáforas que representan sen quere-lo dous conceptos similares pero diferentes. Un do intre presente no presente de todos os intres: as modas. Outro universal e ubicuo, tema central da literatura en todos os tempos: o paso do tempo. Para comprendelo imprima unha foto en vivaces cores e volva mirar para ela dous anos despois.*
- *Síntome ás veces como Virginia Woolf “outside the loop of time”: fora do ciclo do tempo.*
- *Un vintecatro de setembro tiveron unha premonición parva; pero premonición ao fin e ao cabo. O simpático é que non a lembro.*
- *O 13 do XI do 2009 pesaba máis de 100 kg, mais por dentro moito menos, xa que me invadiu unha sensación de irrealidade.*

- *Teño unha sospeita tan metafísica como as crenzas de algúns e algunhas.*
- *Eu non verei mais alá das miñas narices, pero ti non sabes facer outra cousa que repetir os actos que lle ves facer aos demais. E ás veces nin iso.*

DA PSICOLOGÍA

- *O outro día refollei un libro sobre interpretación dos sonhos y quedei cos items que auguraban cousas pracenteiras (exemplo: soñar con sexo = bo fario). Ben, pois a noite seguinte miña cabeza so soñou con estes items, e ademais a propósito.*
- *Algo cruel: quizais a xente fiel teña algún tipo de complexo.*
- *Por que os necios se confabulan contra o que é un pouco máis dotado e este ata sente pudor de sentirse superior?*
- *Non comprendo a ignorancia cara a evolución do próximo. Quizais sexa eu demasiado esixente.*
- *Pero como se lle ocorre a vostede ser feliz???*
- *Un dos erros que eu, profano, observo na evolución humana é que madura diante o corpo ca mente. En en casos tremendos a*

maduración non chega nunca!!!

- *Fanme triste gracia os pensamentos circulares. Tan difícil é ver que hai que pensar en liña recta?*
- *Conveño con Skinner en que a psicoloxía é a ciencia base de todas as ciencias, artes e disciplinas do saber.*
- *A suspicacia non sempre é suspicacia. Ás veces é anticipación.*
- *O peor de algúns comentarios dalgunhas persoas é que están emitidos con coñecemento das súas propias causas.*
- *O ser humano é fisioloxicamente case perfecto pero psicoloxicamente mellorable.*
- *Consíntolle que se deixe insultar e aínda ten os bemois de queixarse???*

- *Dicir común: prefiro o frío porque te podes tapar... corolario: e non se che ven as graxas. Púrgate por dentro!*
- *“ Todo isto expliquéillelo eu a vostedes para que o entendan”. Santiaguíño do Curral. Toureiro.*
- *Por que estará o mundo cheo de Madames Bovary?*
- *Pobres Bovarys que enchen o mundo e nos abafan e tentan botarnos a nós a desbarate. Fuxamos delas. Nota aclaratoria: elas ben poden ser eles.*
- *Aborrezco ás persoas que che poñen a proba constantemente, partindo da premisa penosa de que desconfían ate da súa propia sombra.*
- *Con todo meu respecto píddolle que vaia a un sitio onde eu non o escoite.*

- *Hai persoas que tentan imprimirche orde cos bastidores desordenados.*
- *Noso peor inimigo é a inacción, inda que ás veces durmamos con ela...*
- *O mellor adxectivo para moita humanidade: voluble.*

DE MIN PROPIO
(con perdón por supuesto ego desmedido)

- *Bendita rareza. A que me soen atribuír.*
- *Meu criterio periga polo axexo de outros criterios.*
- *Sufro demasiada melancolía para confiar en ninguén. Sen embargo son quen de entregarme en corpo e alma: paradoxo. Será esa a controversia humana???*
- *Son un actor frustrado. Son un músico frustrado. Agardo non chegar a ter que escribir que son un mestre frustrado e un debuxante frustrado; e o tempo determinará o meu grao de frustración con respecto á literatura.*
- *Meu camiño non ten porque ser o teu, pero se o teu é diferente non bloquees o meu. Déixame en paz, por favor.*
- *Que hei de facer para persuadirte de que quererche non é ser ti?*

- *Tamén son un crononauta fracasado.*
- *Facía tempo que non frecuentaba un bar e cheguei alí unha boa noite. O camareiro principal, novo, estaba supeditado a outro, vello, case ancián. O vello en primeira instancia lembroume moito a alguén. Un actor? Un político? Xa está! Facía tanto tempo que non frecuentaba aquel bar que me lembrou a si mesmo.*
- *Un vaso de cristal é orde. Cae e rompe en centos de anacos que se espallan polo chan. Os cristais forman o desorde. Ou quizais un orde novo?*
- *Realmente só son un cidadán do mundo... cun marcado acento galego.*
- *Nunha etapa da miña vida non atopei nin parede, nin espello, nin*

catarse nin resollo. Só soidade.

- *Non quero unha “pasta” para vivir, quero ler e escribir para mellorar miña “pasta”.*
- *Meu corpo é grande coma o dun oso pardo; un oso que debece por hibernar por tempadas. Por exemplo dende o vinte de decembro até o dez de xaneiro.*
- *Con respecto aos fillos non quero ser un mero depositario de esperma como quizais noutras épocas.*
- *Ás veces non atopo nin parede, nin catarse, nin amparo nin resollo. Serei un humano raro?*
- *Comecei a ter uso de razón polos vinte e tres anos. Antes desa idade tiña razón, pero non a usaba.*
- *Ás veces os remansos de cordura tolean.*

- *Non sinto a música tradicional galega, nin o folclore de festas gastronómicas e troulas de verán, pero si a terraña.*
- *Son burocraticamente penoso. Son o burócrata das tres pesetas. Son un trapalleiro para a burocracia... Ou ela para min???*
- *Discrepo absolutamente coa razón de estado.*
- *En canto a traducir meu nome (Jorge) para a literatura galega (Xurxo) síntome como Eliodoro Puche, que tirou o “h” ao nome na honra da súa nai analfabeta. Non traduzo o nome na honra aos meus pais.*
- *Ás veces sinto angustia sen motivo ou con todos os motivos.*
- *Corro o risco de pensar que sei mais do que sei. Corro o risco de crer que estou de volta de todo.*

- *Eu son bilingüe porque el mundo me ha hecho así.*
- *So son escritor... nin de terceira rexional.*
- *Son un mal debuxante ao que ás veces o salvan as ideas.*
- *Resulta que para algúns son bilingüe de dereitas, para outros nacionalista obcecado, e para outros aprendiz de pesebrista... cando eu, realmente, son un masón ye yé.*
- *Convencido estou de que hei morrer por asunto burocrático. De seguro que en décadas o aumento de anos de vida require papeis, selos, instancias, taxas e demais. Entregarei todo fora de prazo e morrerei.*
- *Teño a mala sorte de ter boa memoria.*

DE EDUCACIÓN

- *A ambientación nunha aula constrúese edificando un clima de confianza. De non ser así, o proceso non lubrifica ben e, como nun filme, fracasaría. Ambientación.*
- *Atráeme o limbo no que viven atrapados os adolescentes. Son moi novos para seren homes e mulleres pero moi vellos para seren nenos e nenas.*
- *A educación é en demasiadas ocasións unha demagogia.*
- *A dedicación é algo que enaltece o espírito. Estou ante xoves e, tras varios anos, non sei se o fago ben ou mal. Fágoo, envórcome e me satisfai máis a atención á enorme diversidade que a uniformidade.*
- *Copiades, tarefas, libros da editora que mais me quenta... a educación cheira. Os nenos e nenas non.*
- *Non concibo a educación con*

berros, imposicións e lei marcial. Meu xeito de ser? Quizais. Pero non o concibo. O berro xera berro. O berro non é o camiño.

- *Por que impoñer exercicios mecánicos e caligráficos se seus contextos (os de algún alumnado) son ultra antitéticos aos nosos???*
- *Pode que meus alumnos berren de excitación polas actividades que se lles propoñen, pero os teus teñen medo. Teñen medo de ti.*
- *Algo do que non estou moi certo: o alumnado que cuestiona a autoridade procede de dúas vertentes: a permisividade absoluta ou a disciplina violenta unilateral.*
- *Logro: tras a mecánica de clase reiterada o alumnado púxose a traballar pola súa conta, anticipadamente e sen imposición¹¹.*

¹¹ *Alumnado complicado de minoría étnica.*

- *Non, non consiste en achegar aos alumnos a ti; senón en achegarte ti aos rapaces.*
- *Faite adulto ti, e logo esíxelle o que consideres ao alumnado.*
- *Que rápido pasa o tempo! (José Horacio dixit, alumno 4º primaria 16-IV-2007).*
- *O meu vello mestre estaba decrépito. Vinte e tres anos despois non parecía que quixera querer retomar a última clase, non.*
- *Digan o que digan; dígase o que se diga, o ensino unidireccional, totalitario e marcial ten fío directo coa dereita política.*
- *Que corpo directivo, aquel cuxos membros se desdin!*
- *Hoxe (14 de xaneiro do 2008) non teño vocación.*

- *Como mestre ás veces son un condutista involuntario.*
- *Intúo na educación dos fillos unha aventura abraiante.*
- *Hai anos laborais de ratas e donicelas, furóns, femias sen sexo que morden a distancia e desaparecen polas fendas. Seres obesos de estulticia, acomplexados que só miran dereitos e raras veces obrigas. Ananos, bruxas boas que son malas. Displicentes absurdos, machiños, burócratas de pelo e medio, necios, necios e máis necios... (non hai dogma e si hai excepcións purificadoras).*
- *O colexio, a nivel institucional, é un inhibidor da creatividade.*
- *Wells díxonos que a historia da humanidade é unha carreira entre a educación e a catástrofe, pero non nos dixo que hai paradas obrigadas na plusvalía.*

- *Estou case convencido de que as fases psicológicas da idade non corresponden con algunhas materias curriculares que pretendemos inculcar a rapazas e rapaces. Quizais educación para a cidadanía, etc.*

DO POLÍTICO

- *Quizais xa estea elucubrado, pero penso que a dereita e a esquerda política sitúanse nunha sorte de segmento circular. A medida que nos movemos por el imos chegando ao mesmo punto.*
- *A figura do político debería ser historiadora, filósofa e socióloga; pero ante todo: HUMANISTA.*
- *O progresismo non consiste en dotar de infraestruturas ás cidades, senón de dotar de infraestruturas ás cabezas das persoas.*
- *O progresismo pode consistir en ler até perder o coñecemento.*
- *En democracia escribo ou non escribo para que vostede lea ou non lea.*
- *Vivimos en democracia... do PP.*
- *A paridade do PSOE no ano 2008 é*

como xirar unha casa para desenroscar unha lámpada.

- *Non hai quen me tire da testa que os nugalláns da sociedade do estado español teñen fío directo coa monarquía e o cristianismo.*
- *A política central no estado español é coma un monólogo colectivo de meniños.*
- *Un pacto entre o Partido Popular e o Partido Socialista sería como un pacto entre os arquetipos dos entroidos ourensáns para facer un entroido global. Como se conciliaría un peliqueiro cun boteiro?*
- *Quizais nacemos para a corrección política. Quizais nos fagan para a mesma corrección.*
- *Os políticos son persoas como vostede.*
- *O voluntariado é a quintaesencia*

da esquerda política.

- *As revolucións rexeitan as mentes embebedadas cos viños. As revolucións lévanse ben coa constancia e a sobriedade. Ah!, e un chisco de disciplina.*
- *Historia da Galicia: aproveitamento duns noutros, dobregamento, miseria, imposición, faccións, privilexios, envexa, xenreira ancestral, paus de cego. Reméxese todo, e o engrudo resultante flúe milagrosamente cara diante.*
- *Pola brava e o dogma érguense os imperios.*

DA CINEMA

- *O cine vulgarízao todo.*
- *O audiovisual en Ourense a ano 2009 aínda nin está en fase de prácticas.*

DO ONÍRICO

- *O 27 de outubro do 2007 soñei que posuía unha lanterna que emitía un face de luz que permitía ver o futuro e mailo pasado. Enfocaba as dependencias dunha casa abandonada e podía ver mobles e vida. Logo enfocaba o interior dunha casa en construción e un tanto do mesmo.*
- *Outro día soñei con crías de voitre torturados por min cun ferro atado no extremo dun elástico de goma.*
- *A noite do 6 de novembro do 2008 soñei que era empregado nunha xoguetería de xoguetes defectuosos. (Crebacabezas que non encaixaban, etc...).*
- *Soñei cunha película de “poneys” asasinados que vivían nunha corte dunha vivenda unifamiliar. O eslógan era: “debaixo de ti está o inferno!”*

- *En períodos de estres laboral teño o soño recorrente dunha guerra civil...*
- *A noite do dous ao tres de abril do dous mil once soñei coa idea das ideas. Unha idea abraiante... que esquecín coa mañá (coma case todas as ideas brillantes).*
- *Soñei con nenos, ao parecer fillos dun meu compañeiro de traballo, que tiñan unha boca normal dentro doutra boca enorme.*
- *Tiven un soño persecutorio. Fuxía cun grupo dunha horda de soldados represores e país calquera. Colléronme de primeiro e matáronme. Ata é un pesadelo atípico. Normalmente é un soño recorrente, pero o que o soña morre de último.*

